

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. [Ampliación do prazo de inscrición de traballo nos IX Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos ata o 7 de abril e modificación do resto de datas](#)
2. [XIV Congreso da SGAPEIO](#)
3. [Número 51 do INFORMEST](#)
4. [Curso Ciencia de datos \(Data Science\), aplicacións en bioloxía e en medicina con Python e R \(2018-2019\)](#)
5. [Concurso de visualización de datos en R](#)
6. [Segundo anuncio do ECAS2019: Statistical Analysis for Space-Time Data](#)
7. [5th International Workshop on Functional and Operatorial Statistics](#)
8. [I Congreso y II Jornadas de Big Data & Matemáticas](#)
9. [XXXVIII Congreso Nacional de Estadística e Investigación Operativa. XII Jornadas de Estadística Pública](#)
10. [19th annual conference of the European Network for Business and Industrial Statistics \(ENBIS19\)](#)
11. [Praza Profesor Contratado Interino en Estadística e IO na Universidad de La Rioja](#)
12. [Catro prazas para realizar o Doutoramento en Enxeñería Matemática na UC3M](#)

1.- Ampliación do prazo de inscrición de traballo nos IX Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos ata o 7 de abril e modificación do resto de datas

Descrición: A Sociedade Galega para a promoción da Estatística e da Investigación de Operacións (SGAPEIO), ven de convocar o IX Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos para proxectos de estatística e investigación de operacións realizados por estudantes de ESO, PCPI, Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Bases: https://sgapeio.es/descargas/formacion/Bases_IX_Incubadora.pdf

Díptico: https://sgapeio.es/descargas/formacion/diptico_IncubadoraIX.pdf

Participantes: Poden participar estudantes (matriculados en centros da Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2018-2019) de ESO, FP Básica, Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio. A participación pode ser individual ou en grupo (máximo de 4 estudantes). Cada participante ou grupo deberá contar polo menos cun docente-titor do seu centro, que supervise o traballo presentado. Distínguense tres categorías:

- Categoría A: 1º e 2º de ESO.
- Categoría B: 3º e 4º de ESO e FP Básica.
- Categoría C: Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio.

Non hai limitación de concursantes por un mesmo centro, nin de traballos titorizados por un mesmo docente. Só se permite unha participación por estudante.

Datas importantes:

- Inscrición de traballos: dende o 18 de marzo ata o 7 de abril de 2019.
- Entrega dos traballos finalizados: dende o 8 ata o 26 de abril de 2019.
- Do 20 ao 26 de maio de 2019 daranse a coñecer os traballos finalistas e a data do acto de entrega de premios.

Máis información e vídeo promocional en: <https://sgapeio.es/index.php/formacion-e-actividades/premios-sgapeio/3162-ix-concurso-incubadora-de-sondaxes-e-experimentos>

2.- XIV Congreso da SGAPEIO

24 de outubro de 2019-26 outubro de 2019

Vigo, España

Descrición: O Departamento de Estatística e Investigación Operativa da Universidade de Vigo organiza, respondendo á petición da Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e a Investigación de Operacións (SGAPEIO), o XIV Congreso Galego de Estatística e Investigación de Operacións.

Invítase a tódolos colectivos a participar nestas xornadas e a que envíen os seus traballos, tanto teóricos coma aplicados, para a súa presentación durante o congreso, que terá lugar na Escola de Enxeñería Industrial (Sede Cidade) de Vigo do 24 ao 26 de outubro de 2019.

Nesta edición, a programación oficial contará cunha sesión temática de Biometría, que será organizada pola SGAPEIO e a Sociedade Portuguesa de Estatística (SPE) dando continuidade aos Encontros Galaico-Portugueses organizados polas dúas sociedades desde o ano 2013. Esta colaboración ten como obxecto a promoción e divulgación da Estatística e I.O. en distintas áreas de aplicación, fomentando novas ideas e colaboracións de interese para as dúas comunidades.

Ademais, o programa ofrecerá actividades de carácter social e cultural, que esperamos que sexan do agrado dos asistentes.

Datas límite importantes:

- Envío de traballos: 30 de Xuño
- Inscripción reducida: 15 de Xullo

Máis información: <http://sgapeio2019.webs.uvigo.es/>

3.- Número 51 do INFORMEST

Descrición: Infórmase que o número 51 da revista INFORMEST, publicada pola SGAPEIO, está á disposición dos socios na dirección

<https://sgapeio.es/INFORMEST/Informest51.pdf>

contando coas habituais seccións de Colaboración, Software, Actividades da SGAPEIO, Novas do IGE, Traballos de Estatística e IO, Coñecéndonos, e Sabías que?

4.- Curso Ciencia de datos (Data science), aplicacións en bioloxía e en medicina con Python e R (2018-2019)

Tipo de curso: Curso Superior Universitario (Título Universitat Barcelona).

Dirección: Monleón Getino, Antonio.

Número de créditos: 9,00 .

Duración en anos académicos: 1.

Modalidade: Presencial.

Centro impulsor: Facultade de Bioloxía.

Prácticas en empresas: Non.

Importe da matrícula: 750,00 €. Aplícase un incremento do 10% ao importe, ata un máximo 70 €, en concepto de taxa administrativa.

Data inicial da docencia: 25/4/2019.

Data inicial de preinscrición: 1/4/2019.

Data final de preinscrición: 19/4/2019.

Institución ou contacto: Facultat de Biologia.

Dirección: Avda Diagonal 643 08028, Barcelona, España.

Dirección electrónica: amonleong@ub.edu

Páxina web: https://www.researchgate.net/profile/Antonio_Monleon-Getino

5.- Concurso de visualización de datos en R

Descrición: O ISPA, desde a súa Plataforma de Bioestadística y Epidemiología, patrocina un concurso de visualización de datos en R co galo de promocionar o uso desta ferramenta. O concurso está organizado polo Grupo de usuarios de R, formado tras a primeira edición do curso “Los Miércoles con R”. O prazo de recepción de proxectos está aberto ata o 30 de abril de 2019 e o premio para o gañador é de 300€.

Máis información:

<https://rusersasturias.github.io/contest/bases/2019/02/12/baseses.html>

6.- Segundo anuncio do ECAS2019: Statistical Analysis for Space-Time Data, Lisbon, 15-17 July 2019

15 de xullo de 2019 – 17 de xullo de 2019

Lisboa, Portugal

Descrición: Os Cursos europeos en Estatística Avanzada (ECAS) procuran proporcionar unha formación de posgrao en áreas especiais da estatística, estando dirixidos tanto a investigadores, profesionais, profesores universitarios e a estudantes universitarios. En especial, este curso está organizado pola Sociedade Estatística portuguesa (SPE) e a Sociedade española de Estatística e Investigación Operativa (SEIO). O ECAS2019 terá lugar en Lisboa, Portugal, entre o 15 e o 17 xullo de 2019. É unha oportunidade única para asistir a catro cursos impartidos por expertos de contrastado prestixio en análise de datos espacio temporais. Igualmente, ánimoase aos participantes a presentaren os seus propios traballos en formato póster.

Ponentes:

- Adrian Baddely (Curtin University, Australia).
- Patrick Marron (Toronto University, Canadá).
- Liliane Bel (AgroParisTech, Francia).
- Haavard Rue (Universidad de Ciencia y Tecnología Rey Abdalá, Arabia Saudí).

Datas importantes:

- Data límite de admisión de resumos: 26 abril de 2019
- Notificación de aceptación: 24 maio 2019
- Inscripción temperá: 31 maio 2019
- Data límite de inscrición: 21 xuño 2019

Máis información: <https://ecas2019.math.tecnico.ulisboa.pt/>

7.- 5th International Workshop on Functional and Operatorial Statistics IWFOs 2020

24 de xuño de 2020 – 26 de xuño de 2020

Brno, República Checa

Descrición: Tendo en conta o éxito das xa catro previas edicións que tiveron lugar en Toulouse (Francia, 2008), Santander (España, 2011), Stresa (Italia, 2014) e A Coruña

(España, 2017), prácenos anunciar que o próximo "5th International Workshop on Functional and Operatorial Statistics IWFOs 2020" terá lugar en Brno (República Checa), do 24 ao 26 de xuño de 2020.

O Congreso cubrirá todos os temas relacionados coa estatística para datos de dimensión infinita, como:

- Modelización estatística para variables funcionais.
- Análise de datos funcionais.
- Operator-based statistics.

Todas as contribucións en estatística de alta dimensión son benvidas.

Relatorios confirmados:

- Gérard Biau (Sorbonne Université, Francia).
- Eduardo García- Portugués (Universidad Carlos III de Madrid, España).
- Lajos Horváth (University of Utah, EE.UU.).
- Roberto Imbuzeiro Oliveira (IMPA, Brasil).
- Dominik Liebl (Rheinische Friedrich Wilhelms, Universität Bonn, Alemaña).
- Regina Y. Liu (Rutgers, EE.UU.).
- Stanislav Nagy (Univerzita Karlova, República Checa).
- Piercesare Secchi (Politecnico di Milano, Italia).
- Yoav Zemel (Universität Göttingen, Alemaña).

Programa preliminar: Durante 3 días, celebraranse 10 charlas convidadas, 30 charlas de sesión e diversas sesión de pósteres.

Publicacións: As comunicacións curtas aceptadas despois de un proceso de revisión, serán publicadas nun volumen de proceedings. Os artigos completos poderán ser publicados nun número especial dunha revista internacional (a especificarse).

Contacto: Ivana Horová, Masaryk Univerzita, Facultade de Ciencia, Departamento de Matemáticas e Estatística, Kotlářská 2, 611 37 Brno, República Checa, correo electrónico: iwfos2020@sci.muni.cz

Máis información: <https://iwfos2020.sci.muni.cz>

8- I Congreso y II Jornadas de Big Data & Matemáticas

20 de maio de 2019 – 21 de maio de 2019

Madrid, España

Descrición:

Convidámosvos a participar no I Congreso y II Jornadas de Big Data & Matemáticas que se celebrará en Madrid o próximo mes de maio, os días 20 e 21. Podes participar como relator e terás a oportunidade de publicar nas revistas indexadas ofrecidas no congreso. O envío de comunicacións realízase enchendo o formulario da url:

<https://sites.google.com/view/bigdataymatematicas/congreso-ii-jornadas/comunicaciones>

Tamén podes inscribirte como asistente xa que contaremos coa presenza de investigadores de gran prestixio no ámbito académico e de profesionais moi recoñecidos na empresa, que nos achegarán a análise de datos e as matemáticas ás diferentes áreas de coñecemento nas que actualmente as aplican.

A inscrición ao congreso é completamente gratuíta e podes realizala no seguinte link:

<https://sites.google.com/view/bigdataymatematicas/congreso-ii-xornadas/inscripci%C3%B3n>

9.- XXXVIII Congreso Nacional de Estadística e Investigación Operativa. XII Jornadas de Estadística Pública

3 de setembro de 2019 – 6 de setembro de 2019

Alcoi, España

Descrición: A Sociedade Española de Estadística e Investigación Operativa (SEIO) anima a todos os interesados a participar no Congreso SEIO 2019 que se celebrará en Alcoi, do 3 ao 6 de setembro de 2019. Os comités científico e organizador están a preparar un interesante programa social e un programa científico de enorme calidade para o congreso.

Conferencias plenarias:

- Para a conferencia plenaria en Estadística (Conferencia Sixto Ríos), contamos con Daniel Pena Sánchez de Rivera do Departamento de Estadística e Instituto de Big Data Financiero, da Universidad Carlos III de Madrid, que impartirá a charla "Ciencia de Datos, Big Data y Estadística".
- Para a conferencia plenaria en Investigación Operativa temos a Ana Paula Barbosa-Póvoa, do CEG-Instituto Superior Técnico (IST) da Universidade de Lisboa, que falará dos retos e perspectivas das cadeas de suministro sostibles, "Challenges and Perspectives in Sustainable Supply Chain".

Datas:

A data límite para o envío de traballos é o 1 de abril de 2019.

Os prazos de inscrición son os seguintes: tarifa superreducida ata o 6 de maio de 2019, tarifa reducida do 7 de maio ao 14 de xuño de 2019, e tarifa normal do 15 de xuño ao 16 de agosto de 2019.

Pre-inscrición:

Para poder inscribirse ao congreso, enviar traballos e acceder ao menú de aloxamento é necesario pre-inscribirse. Unha vez realizada esta pre-inscrición xa é posible o envío de traballos e o rexistro no congreso.

Envío de traballos e propostas de sesións convidadas:

Unha vez pre-inscrito pódese entrar na área privada co usuario e o contrasinal. No menú de área privada aparecen as ligazóns para o envío de traballos (presentacións orais e pósteres) así como propostas de sesións convidadas.

Máis información: <https://seio2019.com/es/>

10.- 19th annual conference of the European Network for Business and Industrial Statistics (ENBIS19)

2 de setembro de 2019 – 4 de setembro de 2019

Madrid, España

Descrición: O 19th annual conference of the European Network for Business and Industrial Statistics (ENBIS19) terá lugar en Budapest, organizado polo Departamento de Probabilidade Teoría e Estadística da Eötvös Loránd University, entre o 2 e o 4 de setembro de 2019. A data límite de recepción de resumos é o 29 de abril.

Máis información:

https://enbis.org/activities/events/current/613_ENBIS_19_in_Budapest//index?ts=30968

11.- Praza Profesor Contratado Interino en Estadística e IO na Universidad de La Rioja

Descrición: Saíu a concurso unha praza de Profesor Contratado Interino a tempo completo en Estadística e Investigación Operativa na Universidad de la Rioja. É unha moi boa oportunidade para titulados (preferiblemente en Matemáticas ou Estadística) que queiran facer carreira académica no ámbito da Estadística e/ou a Investigación Operativa.

Convocatoria:

https://www.unirioja.es/servicios/sgpr/np_pdi/laboral/2019_20/index.shtml, praza 52.

O prazo de solicitude finaliza o 11 de abril de 2019.

Os interesados poden contactar con Manuel Higuera (manuel.higuera@unirioja.es), para calquera tipo de dúbida.

12.- Catro prazas para realizar o Doutoramento en Enxeñería Matemática na UC3M

Descrición: O Departamento de Estadística da UC3M ven de convocar catro prazas de Persoal Investigador Pre-doutoral para a realización do Doutoramento en Enxeñería Matemática, comezando en setembro de 2019.

O prazo de solicitude está aberto ata o 9 de abril (inclusive).

Como requisito para solicitar esta convocatoria débese contar coa admisión ou pre-admisión ao programa de Doutoramento en Enxeñería Matemática. Dita solicitude débese realizar seguindo as indicacións do Programa de Doutoramento dispoñibles en: https://www.uc3m.es/ss/Satellite/Doctorado/es/Detalle/Estudio_C/1371210598560/1371210298470/Ingenieria_Matematica. Este trámite require un tempo, polo que aqueles interesado deben comezar o trámite o máis axiña posible.

Todos aqueles que desexen propoñer candidatos para a realización do Doutoramento deberán indicar ao candidato que siga os pasos anteriores, imprescindibles para poder ser admitido na citada convocatoria e optar a un dos contratos ofertados.

Máis información:

http://portal.uc3m.es/portal/page/portal/inicio/universidad/empleo_universidad/personal_docente_e_investigador/pif

Infórmase a todos os interesados en difundir algunha nova en especial que poden propoñer a súa inclusión no boletín da SGAPEIO a través do contacto jtarrío@udc.es.